



Provincia de Pontevedra

CONCELLO DE BUEU
(PONTEVEDRA)

AÑO DE 19 _____

Núm. _____

NEGOCIADO: Delegación provincial de Cultura

EXPEDIENTE

instruído a instancia _____


ASUNTO Achado de tres aras
romanas en San Antón
Hbeiro - Bueu
(unha delas depositada provisionalmente
na Casa do Concello de Bueu)

Comienzo Xaneiro 1997

Terminación febreiro 1997

RESOLUCIÓN RECAIDA:

Engádase ó inventario arqueolóxico
do ano 1993



MEIRO. CONCELO DE MEIRO	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	SAÍDA
Núm.	
Data	18 JUL 2000

ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL MEIRO.

C.I.F. G 36293223 con domicilio social en Meiro (Casa da Aldea). Tlf: 986 322210

Tralo período de exposición pública do informe do proxecto de GAS GALICIA SDG S.A. da canalización do suministro de gas do trazado Marín-Bueu-Cangas.

Cabe reseñar que no tramo Bueu-Cangas (en Meiro) se contempla o seu paso por un vial de interese cultural protexido e catalogado coa referencia GA 36004005 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tamén cabe reseñar que no trazado recentemente asfaltado a aparición de tres fragmentos de ara romana, actualmente no Museo de Pontevedra catalogado coa clave de identificación GA 36004ACH.

E polo cal, como asociación cultural vémonos na obriga de esixir a conservación deste ben cultural.

Así como solicitar que a canalización do gas pase por un trazado alternativo.



DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA

M^a Victoria Martínez Barreiro, como presidenta e en representación da ASOC SOCIOCULTURAL DEPORTIVA E XUVENIL DE MEIRO, con domicilio social en: Meiro Nº 105-A (Bueu); C.I.F.: G36293223

EXPON:

No lugar de Meiro (Bueu) existe unha calzada romana catalogada por ese organismo coa referencia GA 36004005, sinalizada no plano adxunto.

O 1º tramo é hoxe unha calzada asfaltada e o 2º sigue sendo un camiño en mal estado que cubre a antiga calzada romana.

O recente descubrimento de tres fragmentos de ara romana na beira da calzada, reforza a hipótese de que se trata dunha calzada romana. Adxuntamos documento acreditativo.


SOLICITA:

Que por parte dese organismo se realicen as xestións pertinentes para:

- Acondicionar e restaurar o tramo sen asfaltar.
- Colocar sinal informativa da existencia e trazado da calzada.

Atentamente lle saúda.

M^a Victoria Martínez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.- C/ B. Corbal, 47 - 2.ª , 3.ª Planta

Data 28 febreiro, 1997

Referencia MJM/pm

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Asunto

DATA 3 FEB 1997
REXIS. Nº 940 XEALSA DA
Nº 18 E

Comunicación

Destinatario

SR. DIRECTOR DO MUSEO
R/ PASANTERÍA
PONTEVEDRA

Recentemente foi localizada a parte superior dunha ara romana no lugar do Meiro (Bueu), a uns 50 m ó sur dun peto de ánimas, formando parte da canle dun rego de auga. Esta ara vense sumar ó achado doutras dúas -tamén incompletas-, descubertas hai uns meses por D. Xosé Suárez Mariño, veciño de Hío (Cangas), en poder de quen se encontran nestes momentos.

O fragmento de ara que formaba parte do rego de auga foi trasladada, gracias a colaboración do Concello de Bueu, a dependencias deste organismo.


A vista das circunstancias e xestións realizadas, acórdase que o fragmento de ara sexa depositada nese Museo; razón pola que lle solicitamos que faga as xestións oportunas para o traslado da peza a esa institución. As dimensións do anaco de ara son as seguintes: 41x38x21 cm.

Acompáñase ficha de inventario do achado arqueolóxico.

A DELEGADA PROVINCIAL,

Pilar Rojo Noguera
Dña. Pilar Rojo Noguera.





1. CLAVE DE IDENTIFICACION GA36004ACH

2. LOCALIZACION

- Nome do xacemento: A Pedra, Alvaria, As Nogueiras.
- Provincia: Pontevedra
- Concello: Bueu
- Parroquia: Bueu, S. Martiño
- Lugar: Meiro
- Nº de Folla (1:50.000): 223
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 11
- Proxección UTM: X: 518.340
- Y: 4.684.350
- Coord. Xeográficas: Lonx.: 8º 46' 37" W.
- Lat.: 42º 18' 38" N.
- Altitude: 170 m
- Descrición de accesos: Estrada PO-320 Bueu-Cangas. Un pouco antes de chegar ao Alto da Portela, tomar á esquerda unha pista que conduce a Meiro e a Ermelo. Andados= uns 500 m coller á esquerda unha nova pista que leva a Quintáns e Á Casela, ata chegar a un peto de ánimas situado á dereita desta pista.

3. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO

- Emprazamento topográfico: Ladeira de pendente suave.
- Utilización do entorno: Agrícola.



Trc
as, na. A
ado s:
enta l
ais l
uperi
ado c
Mariñ
peto
cara:
de D
auge
Med
tan
dis
tor
ca
cc
sí
p
p

CLAVE DE IDENTIFICACION

C A	PROV.	CONCELLO	Nº XAC.
6 A	36	004	A C H

INVENTARIO DE XACEMENTOS ARQUEOLOXICOS

MES	ANO
02	97

* NOME/S DO XACEMENTO.....: A PEDRA / ALVARIA / AS NOGUEIRAS.

* PROVINCIA.....: PONTEVEDRA * CONCELLO.....: BUEU

* PARROQUIA.....: BUEU, S. Martiño

* LUGAR.....: MEIRO

COORDENADAS U.T.M.

* X 5 1 8 . 3 4 0

* Y 4 . 6 8 4 . 3 5 0

COORDENADAS XEOGRAFICAS

GRAOS	MIN.	SEG.
4 2	1 8	3 8

Lat.

GRAOS	MIN.	SEG.
0 8	4 6	3 7

Lonx.

E	W
	X

CARTOGRAFIA

2	2	3	+	1	1
---	---	---	---	---	---

ADSCRIPCION CULTURAL

1	2	3	4	5	6	7	X	9	10	11
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----	----

ADSCRIPCION TIPOLOXICA

X	2	3	4	5	6	7	8	9
---	---	---	---	---	---	---	---	---

GRAO DE ALTERACION


0	1	2	3	X
---	---	---	---	---

CAUSAS DE ALTERACION

0	X	2	X	X	5	6
---	---	---	---	---	---	---

NOME E RAZON SOCIAL DO TITULAR E ENDEREZO

* FIGURAS DE PROTECCION E DATAS DE PUBLICACION



DATOS XEOGRAFICOS
DATOS HISTORICOS
SITUACION XURIDICA

4. ESTADO ACTUAL

• Vexetación: Terras de cultivo

• Destrucións e alteracións: Non se pode determinar, xa que non hai constancia segura da existencia dun xacemento, nin en que lugar se sitúa concretamente.

• Tipo de propiedade: Privada.

5. MEDIDAS DE PROTECCION

6. MATERIAIS

• Descrición: Tres fragmentos de aras romanas.


• Procedencia: Recollida en superficie.

• Lugar actual do depósito:


— Museo ou colección pública: Un anaco de ara encóntrase actualmente nooConcello de Bueu, á espera de ingresar no Museo de Pontevedra.

— Museo ou colección privada:

— Particular. Nome(s) e dirección(s): Dous anacos de ara en poder de D. Xosé Suárez Mariño, veciño do Iglesiasio, no Hío (Cangas).



LUGAR DE APARICIÓN DAS ARAS ROMANAS
 DE MEIRO (BUEU).




ARA ROMANA DA PEDRA (MEIRO, BUEU).



ARA N. 1.




ARA ROMANA Nº 2 DA PEDRA (MEIRO, BUEU).





(Em poder de D. José Suarez Mariño).



ARA ROMANA DA PENSA (HEIRO, BUEU).



SITUACIÓN DA ARA 133.



A ARA 133 MANDA AO RIO DE AUGA


ARA ROMANA DA PEDRA (MEIRO, BIEU)



A ARA Nº 3. ÚLTIMA
VEZ EXTRAÍDA DO
REBO.




ARA ROCHA DA PEDRA (HEIAC, BUEU).




CARA SUPERIOR DA ARA A. S.



PLANO DE SITUACION




FOTOGRAFIA




LUGAR DE APARICIÓN DAS TRES ÁRAS ROMANAS.

BIBLIOGRAFIA

INÉDITO.





CROQUIS E DESCRIPCION

Tres fragmentos de ara localizados por D. Xosé Suárez Mariño en diferentes das, nas inmediacións do peto de ánimas de Meiro. Todas están labradas en granito.

A ara nº 1 foi localizada hai aproximadamente dous anos formando parte dun valado situado ao norte dunha casa ou alpendre inacabado (ver croquis adxunto). Presenta unha sección cuadrada, e posúe unha decoración formada por dúas liñas horizontais paralelas, que percorren polo menos tres das catro caras, á altura do tercio superior dunha das caras frontais, apréciase unha decoración indeterminada. Mal estado de conservación. Non se aprecia epígrafe. Encóntrase en poder de D. Xosé Suárez Mariño.

A ara nº 2 foi atopada hai uns meses no camiño que con dirección norte parte do peto de ánimas de Meiro, quizais caída do valado da finca colindante. Nunha das caras posúe un epígrafe de difícil lectura, e incompleto. Encóntrase en poder de D. Xosé Suárez Mariño.

A ara nº 3 foi descuberta hai uns días, formando parte da parede dun rego de auga de fincas, inmediatamente ao sur da casa ou alpendre de construción inacabada. Mede 41 cm de alto, 38 cm de ancho e 21 cm de groso, presentando unha sección rectangular. Na cara superior presenta unha decoración de dúas molduras en forma de medallón. Na cara inferior presenta unha decoración a ara está decorada con tres toros horizontais que envolven a tódalas caras. Na parte inferior sitúase un campo liso duns 10 cm de alto, no que non se aprecia epígrafe. Se ben a peza se encontra moi recortada pola cara inferior, non hai dúbida que a ara lle falta máis da súa metade inferior. No momento de redactar esta ficha, a ara nº 3 encóntrase en dependencias do Concello de Bueu, a onde foi trasladada desde o rego, baixo a nosa supervisión; non obstante, proximamente será ingresada no Museo de Pontevedra.

A aparición de tres anacos de aras romanas nunha distancia de 100 m. entorno ao peto de ánimas e a un cruce de camiños, leva a pensar na existencia dun xacemento arqueolóxico (asentamento, ou lugar cultural) nese punto, se ben tendo en conta as condicións do achado -fora de contexto, e en superficie-, e mais na aparente inexistencia de cerámicas e outros restos arqueolóxicos nos perfís de terra examinados, cabe ser prudentes nesa afirmación, máxime cando non se pode descartar que as pedras fosen traídas doutro lugar, para a construción dos muros das fincas.

Por outra parte, desde o peto de ánimas parte un camiño con dirección ao norte, que se encontra recollido no inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural coa clave GA36004005, sendo clasificado como camiño romano. Na nosa opinión, cremos que non existen evidencias claras de tal antigüidade, posto que os camiños empedrados non só existiron en época romana, senón tamén en momentos posteriores. Porén, a presenza destas aras viría un pouco a apoiar aquela hipótese.

Redactores: Xulió Carballo Arceo



Lugar e data: Pontevedra, a 25 de febreiro de 1997.